

Circular nº 18 Caraocole 2.0

Sigüeiro, 4 de abril de 2017

Prezadas familias

O programa **Caraocole** cumpre un ano. Os obxectivos propostos nun principio superáronse con creces. A saber, que os nenos/as adquiren autonomía e confianza; que melloren a relación cos demais; que aumente o número de alumnos/as que acceden ao centro a pé. De todos xeitos, faise necesario analizar o acontecido e facer unha nova proposta coas aprendizaxes realizadas. Así pensamos que sería bo que despois das vacacións o programa teña as seguintes variacións:

- Que o alumnado veña realmente só e **non acompañado** por adultos.
- Que as voluntarias estarán nalgúns puntos do percorrido durante 10 min. pero serán os propios nenos/as os que, se queren, queden con outros nos puntos de encontro. As voluntarias estarán en tres puntos: farmacia/Av. de Compostela, Asia Sigüeiro e Concello/Parque Carboeiro. **Necesitamos** da participación de máis voluntarios/as para facer quendas.
- Que o alumnado dos cursos **maiores** axuden aos máis pequenos.
- Que debemos recalcar que isto non é un servizo de acompañamento senón, un programa **educativo**. A responsabilidade é toda das familias.
- Que utilizaremos a **nova entrada** polo Carboeiro.
- Que haberá voluntarios, independentemente do **tempo**, a non ser que o temporal poña en perigo a súa integridade. É decisión de cada familia que o seu fillo/a vaia a pé ou non.
- Que debemos lembrar a importancia de utilizar os **chalecos**.

Comezamos á volta de vacacións así que aqueles/as adultos que queiran colaborar terán que avisar canto antes. Mandarase un novo tríptico recordatorio cos novos horarios. Acéptanse **suxestións**.

Un saúdo.